

MEMORIA FINAL DO PROXECTO

PR@CTICA TIC. IMPLANTACIÓN DAS TIC NAS PEMES GALEGAS



Proxecto cofinanciado:



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Modernización
e Innovación Tecnolóxica



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO
REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

Resolución do 24 de marzo de 2011, da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades sen ánimo de lucro, para actuacións de difusión relacionadas co desenvolvemento da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional(Feder), no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013 e se procede a súa convocatoria para 2011.
(código de procedemento PR521A)



DESCRIPCIÓN DO PROXECTO

Executouse o proxecto a través da difusión de 20 xornadas para difundir a importancia das TIC na peme e nos autónomos a través dunha duración de 4 horas cada xornada.

Por tanto trátase de impartir mediante unha acción de 4 horas de duración, ó longo de 20 localidades difundir no sector dos autónomos e das pemes, a importancia que ten o uso e o emprego das TIC de cara a competitividade empresarial. Explicamos a continuación os contidos desta sesión dinamizadora:

Administración Electrónica

O alumnado familiarizarase co portal da Xunta de Galicia co fin de axilizar e fomentar a comunicación coa Administración autonómica.

Banca Electrónica para a empresa

Coñecer e manexar as ferramentas que ofrece a banca electrónica dirixidas á xestión, á tramitación e á resolución de todo tipo de operacións financeiras a través da rede.

Procura de información na rede

Aprender a manexar os buscadores de Internet, necesarios para acceder a toda aquela información que lle poida ser de utilidade, tanto a nivel persoal coma profesional.

Compras en liña

Desenvolver a operación de compras necesaria para xestionar a través da rede a adquisición de diferentes produtos e servizos.

Correo electrónico

Enviar e recibir información das persoas usuarias de Internet de calquera parte do mundo, e ser capaces de transferir os documentos do noso ordenador a outro.

Xestión coa clientela e co persoal provedor

Coñecer todas as solucións que ofrece a rede dirixidas a mellorar e a axilizar as relacións coa clientela. Operar correctamente nos espazos virtuais de compra e mellorar así a xestión de compras da empresa.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Modernización
e Innovación Tecnolóxica



FEAGA
FEDERACIÓN
DE AUTÓNOMOS
DE GALICIA

Sinatura electrónica

Coñecer o concepto de sinatura electrónica así como a lexislación que o regula.
Aprender a obter correctamente o certificado oportuno.

Xestión fiscal, contable e laboral

Coñecer todos os sistemas e os procedementos que a sociedade da información pon a disposición das empresas e das persoas para a tramitación dos aspectos fiscais, contables e laborais.

Trámites ante a Seguridade Social


Coñecer todos os sistemas e os procedementos que a sociedade da información pon a disposición das empresas e das persoas para a tramitación da xestión laboral ante a Seguridade Social; en concreto, manexar con eficacia o sistema RED da Seguridade Social.

Implantación do *software* libre

Coñecer o *software* libre e aplicar as súas vantaxes tanto no contorno da peme coma no da persoa usuaria.



FEAGA chegou a un número de 20 localidades no ámbito de Galicia, nas súas catro provincias, alcanzando un impacto de 600 empresarios, traballadores e autónomos de diferentes sectores.



A
CORUÑA



PONTEVEDRA



LUGO



OURENSE



Necesidade de Realizar este Proxecto.

O RETRASO DAS PEMES E OS AUTÓNOMOS GALEGOS NO USO DAS TIC

FEAGA é consciente da necesidade que había de poñer en marcha un programa dirixido o colectivo de autónomos e pemes de Galicia co obxectivo de que se familiarice de maneira significativa e intensifique a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación nos seus procesos de xestión, organización, produción e relación cos seus clientes.

Dende **FEAGA** propuxose, a posta en marcha do proxecto **"PR@CTICA TIC. IMPLANTACIÓN DAS TIC NAS PEMES GALEGAS"**, coas seguintes prioridades:

- Difundir a ventaxe competitiva que poida supoñer a integración das tecnoloxías da información e da comunicación as actividades empresariais dos autónomos.
- Capacitar no uso de ferramentas informáticas.
- Introducir as tecnoloxías da información e da comunicación na xestión empresarial dos autónomos e pemes e incrementar a súa presenza en Internet.
- Favorecer e impulsar a introducción das tecnoloxías da información e da comunicación entre os autónomos e pemes facilitándolles a súa incorporación a sociedade da información.
- Provocar o acceso a Internet, a adquisición de equipamento informático, conectividade e presenza en Internet a través de páxinas Web.



- Promover a creación de novas empresas, o apoio as iniciativas emprendedoras, o fomento do auto emprego e as xerazóns de máis emprego, a través da utilización das Tic entre as micro pemes e os autónomos de Galicia
- Para o desenvolvemento de estas iniciativas conta con colaboración das Organizacións coas que ten suscritos Protocolos de Colaboración, que por a súa implantación nas catro provincias galegas, a alta afiliación das súas 32 Asociacións Sectoriais, Comarcais e Locais, a súa representatividade que alcanza a mais de 15.000 micro pemes e autónomos, teñen unha gran importancia no tecido económico galego.

A cuestión principal reside en superar a “brecha tecnolóxica” das pemes e os autónomos facendolles ver de forma práctica que as tecnoloxías da información e da comunicación, banca electrónica, Administración electrónica, Internet, Intranet, correo electrónico, redes, búsqueda e intercambio electrónico de datos, sistemas de información, factura electrónica, etc. condicionaron a forma de facer negocios entre as empresas e contribuíron a mellorar notablemente as relacións que manteñen dende a empresa con clientes, provedores e administracións.

Con este escenario **estableceuse coma prioritario actuar sobre o colectivo de autónomos e pemes con unha serie de accións de alfabetización dixital para demostrar** de forma práctica que o uso das Tic mellorará notablemente a xestión diaria dos seus micro pemes.



CALENDARIO DE EXECUCIÓN DO PROXECTO

LUGAR DE IMPARTICIÓ	PERSOA RESPONSABLE IMPARTICIÓ	DATA PREVISTA	MICROPYMES PARTICIPANTES
RIBADEO	Javier Pérez M ^a Rosa Feijóo	XUÑO	30
VIVEIRO	Javier Pérez M ^a Rosa Feijóo	XUÑO	30
QUIROGA	Javier Pérez M ^a Rosa Feijóo	XUÑO	30
PANTÓN	Javier Pérez M ^a Rosa Feijóo	XUÑO	30
SOBER	Javier Pérez M ^a Rosa Feijóo	XUÑO	30
LEIRO	Javier Pérez M ^a Rosa Feijóo	XULLO	30
O IRIXO	Javier Pérez M ^a Rosa Feijóo	XULLO	30
A PEROXA	Javier Pérez M ^a Rosa Feijóo	XULLO	30
CENLLE	Javier Pérez M ^a Rosa Feijóo	XULLO	30
ARNOIA	Javier Pérez M ^a Rosa Feijóo	XULLO	30
LALIN	Javier Pérez M ^a Rosa Feijóo	XULLO	30
A GUARDA	Javier Pérez M ^a Rosa Feijóo	XULLO	30
MARIN	Javier Pérez M ^a Rosa Feijóo	XULLO	30
MOS	Javier Pérez M ^a Rosa Feijóo	XULLO	30
TUY	Javier Pérez M ^a Rosa Feijóo	XULLO	30



CALENDARIO DE EXECUCIÓN DO PROXECTO

LUGAR DE IMPARTICIÓN	PERSOA RESPONSABLE IMPARTICIÓN	DATA PREVISTA	MICROPYMES PARTICIPANTES
MELIDE	Javier Pérez M ^a Rosa Feijóo	SETEMBRO	30
BETANZOS	Javier Pérez M ^a Rosa Feijóo	SETEMBRO	30
CARRAL	Javier Pérez M ^a Rosa Feijóo	SETEMBRO	30
SADA	Javier Pérez M ^a Rosa Feijóo	SETEMBRO	30
ARANGA	Javier Pérez M ^a Rosa Feijóo	SETEMBRO	30



ORZAMENTO DO PROXECTO.

Descripción de partidas (SEN IVE)

CONCEPTO	PREZO XORNADA	PREZO TOTAL	PROVEEDOR	TOTAL PROVEEDOR
Relatores	300	6.000	María Rosa Feijoo Calviño Javier Pérez Fernández	6.000 €
Desprazamentos	150	3.000	María Rosa Feijoo Calviño Javier Pérez Fernández	3.000 €
Organización e Equipamento	237,50	4.750	Area 3 Consultores, s.l.	4.750 €
Materials	500	10.000	Asesores Ingenieros para el Desarrollo de las Telecomunicaciones, S.L	10.000 €
TOTAL	1.187,50	23.750		23.750 €